



CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A EMPRESA..... PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DA USC ORGANIZADAS POLO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

En, o de..... de 202.....

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Da outra D./Dona, con NIF: representante de *(nome da Empresa/Institución)*, con CIF:..... e con domicilio social en.....

..... en calidade de **(indicar o poder de representación ou norma que autoriza á sinatura do convenio; é requisito indispensable que este extremo de representación quede acreditado para poder tramitar o convenio)**

Ambas as dúas partes en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

- I. Que o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado

matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

- II. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
- III. Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- IV. No artigo 5 do *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*, aprobado no CG do 29 de xullo de 2015, indícase que a USC poderá convocar prácticas externas extracurriculares a través do **Consello Social da Universidade**, ademais da vicerreitoría competente, dos centros, do FEUGA e doutras entidades xestoras habilitadas.
- V. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permitan coñecer a realidade laboral.
- VI. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.
- VII. Con este Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

VIII. A USC comprométese ao respecto do dereito fundamental de protección de datos e de privacidade, polo que cumprirá de xeito leal co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e co resto da lexislación española aplicable nesta materia.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de **prácticas académicas externas extracurriculares** do alumnado nas instalacións de, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda.- CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS.

Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.

O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección do alumnado conforme os criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.

Unha vez asignado o destino das prácticas, e antes do seu inicio, a alumna ou alumno deberá formalizar a oportuna matrícula nos prazos que se establezan.

Terceira.- REQUISITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS.

Poderá participar nas prácticas o alumnado de todas as titulacións oficiais impartidas na USC.

Para a realización das prácticas académicas externas extracurriculares o alumnado deberá cumprir os seguintes *requisitos*:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- b) Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatoria precedente, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- c) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van a realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas a realizar non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.
- d) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convocarán para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

Quinta.- DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓN DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS.

1. As **prácticas externas extracurriculares** terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida pola alumna ou alumno na universidade.

3. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e a alumna ou alumno, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do alumnado.

4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a entidade colaboradora comunicará á Universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que corresponderan ás persoas beneficiarias.

No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado coa Comisión de Título poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Comisión de Título ou órgano competente deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste á alumna ou alumno para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas o que deberá ser resolto pola vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas.

Sexta.- PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS.

O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o alumnado. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. *Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.*

Sétima.- VINCULACIÓN DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación do alumnado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no “Estatuto dos Traballadores”.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica tutelada, polo que o alumnado en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co estudante en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o alumnado.

Oitava.- ASEGURAMENTO DO ALUMNADO E RESPONSABILIDADE CIVIL

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, ao seu cargo, un seguro de accidentes.
2. A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubrirá as posibles continxencias durante o desenvolvemento das prácticas en que se derivase responsabilidade civil da universidade, nos termos estipulados na póliza. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.
3. No caso de realización de prácticas académicas externas fóra do territorio nacional, o alumnado está obrigado a ter un seguro médico que garanta a asistencia sanitaria no país onde realizará o seu período de prácticas (Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado). Con todo, as prestacións da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado poden non ser suficientes en caso de repatriación ou determinadas intervencións médicas, polo que se recomenda ao alumnado a contratación dun seguro complementario privado. En calquera caso, solicitaráselle que acredite a tramitación da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado antes da súa partida. O alumnado que realice

prácticas no estranxeiro deberá subscribir un seguro adicional de asistencia en viaxe que cubra, polo menos, responsabilidade civil privada, danos a terceiros, accidentes persoais e repatriación.

4. O alumnado que realice prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma en que se perciba, estará asimilado a persoal laboral por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, no que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

5. A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica a que poida ter dereito o alumnado terá a condición de empresa, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, a cotización que de ser o caso corresponda.

Novena.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

O alumnado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora na que as realice, e un titor ou titora académica da universidade.

Os *alumnado* en prácticas terá *dereito* a:

- a) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- b) No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- d) Percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

- e) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- j) Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

No caso de prácticas extracurriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este alumnado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o *alumnado deberá*:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.

- c) Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Cumprir calquera outra obriga prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Décima.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A cada estudante seralle asignado un titor ou titora académica, que será un docente da titulación, por designación do centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor ou titora académica tamén será o responsable de avaliar ao alumnado de prácticas externas extracurriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno.

Décimo primeira.- DEREITOS E OBRIGAS DOS TITORES E TITORAS

A.- O *titor ou titora externa* da entidade colaboradora terá dereito a:

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
2. A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

B.- O *titor ou titora externa* da entidade colaboradora terá os seguintes *deberes*:

1. Acoller o alumnado e organizar a actividade consonte co establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor ou titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
 - a. As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - b. A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - c. O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
9. Facilitar ao titor ou titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
11. Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C.- O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes dereitos:

- a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

D.- O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas do estudante tutelado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no CG do 29 de xullo de 2015).
- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- f) Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo segunda.- MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela e ao modelo propio do centro, se o ten.

Décimo terceira.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo cuarta.- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

Décimo quinta.- EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sexta.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes comprométense a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, así como na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia . Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

Décimo sétima.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha omisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana por parte da USC vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en que delegue, e a persoa responsable das prácticas do centro, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe. O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, será o interlocutor da Universidade coa entidade colaboradora en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que suscite a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles alumnos e alumnas que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo oitava.- NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias.
- Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
- Plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.
- Aplicación supletoria do Regulamento para a xestión de convenios na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002), das resolucións e acordos sobre esta materia e que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela.
- De ser o caso, serán de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polo alumnado universitario.

Décimo novena.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésima. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo novena.

Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo primeira.- XURISDICIÓN.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das Universidades.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

<p>POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 30-04-2020 DOG do 11-05-2020) A Vicerreitora de Organización Académica,</p>	<p>POLA EMPRESA /ENTIDADE COLABORADORA,</p>
<p>Dona María Celia Besteiro Rodríguez</p>	<p>D./Dona.....</p>

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E EMPRESA..... PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO ORGANIZADAS POLO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO 202...../202....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Extracurriculares

2.- Estudante beneficiario *deste Convenio*

Apellidos e nome:

DNICorreo electrónico.....Teléfono.....

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación e curso *na que está matriculado ou matriculada*

.....

4.- Centro de traballo e localidade *onde se desenvolverán as actividades:*

.....

.....

5.- Titor ou titora académica:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor ou titora de prácticas da Entidade Colaboradora:

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao

..... Nº total de días:Horas/día:

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación á alumna ou alumno por parte da Entidade dunha axuda ao estudio de.....€/mes,.....€/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aboará:

.....
.....

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 5 do presente convenio).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundización dependerán dos labores a desenvolver polo estudante dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadía onde porán en práctica os coñecementos adquiridos adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

12.- Sistemas de avaliación e control: O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora¹ e da memoria final da alumna ou alumno, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

¹Conforme ao disposto na cláusula decimo primeira, apartado B, punto 5, o informe deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

14.- Información de protección de datos da USC:

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	O órgano responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela. Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto con protecciondatos@usc.gal . O Delegado de Protección de Datos é D. José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.gal .
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei Orgánica 6/2001, de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.

Dereitos	As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en
-----------------	---

	https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm
Información Adicional	Pódese consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html
Transferencias internacionais	A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en: http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 202.....

O titor ou titora académico/a,	O titor ou titora de prácticas da entidade colaboradora,	O/a estudante,
Asinado:	Asinado:	Asinado:

BORRADOR